

PROGRAMACIÓN DOCENTE DE ORQUESTRA VIII

CURSO 2020/2021

CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE A CORUÑA

TÍTULO SUPERIOR DE MÚSICA (ENSINANZAS REGULADAS POLO D 163/2015 do 29 outubro e 171/2016)

1. IDENTIFICACIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN										
ORQUESTRA										
ESPECIALIDADE:	Interpretación				ITINERARIOS:			Corda fretada; Música antiga (ICP); Percusión; Vento madeira; Vento metal.		
CARÁCTER:	Obrigatoria				TIPO DE CLASE:			COLECTIVA		
DEPARTAMENTO:	Orquestra				XEFE DE DPTO.:			Jesus Coello		
CURSOS	1º curso	2º curso	3º curso	4º curso	COORDINADOR/A DA DISCIPLINA:			Fernando López Briones		
CUADRIMESTRES	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais:	3
ECTS/CUAD.								3,5	Observacións:	
DOCENTES:	NOME E APELIDOS				EMAIL/TEL/WEB			TITORÍA		
	Fernando López Briones Fernando Vázquez Arias				fernandolbriones@gmail.com cantatamelida@gmail.com			Venres de 13 a 14h Venres de 10 a 11h		

2. DESCRITOR E COMPETENCIAS	
<p>DESCRITOR: A materia de Orquestra, Banda pretende desenvolver no alumno, gracias ao seu traballo nas agrupacións de Orquestra e Banda, a súa capacidade de lectura a primeira vista e de resposta flexible ao xesto do director, así como adecuados hábitos e técnicas de ensaio. O alumno participará na concepción e desenvolvemento de proxectos musicais colectivos, cooperando no establecemento de criterios interpretativos comúns, enriquecendo as súas destrezas instrumentais e capacidades musicais, ao tempo que afonda no coñecemento do repertorio orquestral.</p>	
<p>COÑECEMENTOS PREVIOS: Os correspondentes ao itinerario de Interpretación do grao profesional.</p>	
<p>RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS DE CONTIDOS PROGRESIVOS, INTERESE DA DISCIPLINA PARA A CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS DA TITULACIÓN A disciplina de orquestra/banda é o eixe vertebral da especialidade de interpretación, e depende directamente da proceso de aprendizaxe nos distintos itinerarios.</p>	
COMPETENCIAS TRANSVERSAIS:	7, 9, 10, 13
COMPETENCIAS XERAIS:	2, 3, 7, 8
COMPETENCIAS ESPECÍFICAS:	3, 4, 5, 7, 8, 9, 10
Ver a lista e descrición de competencias no Decreto 163/2015 do 29 de outubro e 171/2016	

3. OBXECTIVOS	
DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
1. Asumir as responsabilidades individuais e colectivas así coma o talante necesarios para participar nunha actividade orquestral.	Todas
2. Acadar o dominio das destrezas específicas requeridas na práctica orquestral	Todas
3. Acadar as capacidades para decidir sobre a aplicación das diferentes técnicas instrumentais, dacordo a un determinado enfoque interpretativo ou ás demandas estéticas dunha obra.	Todas
4. Acadar o hábito de facer unha lectura correcta da partitura tanto das indicacións escritas coma do non escrito, aplicando o sentido crítico na comprensión da notación	Todas
5. Desenvolver a capacidade de lectura a primeira vista	Todas
6. Comprender a labor do director e aprender a traballar dentro da dinámica de traballo da orquestra	Todas
7. Saber interpretar as diversas ferramentas xestuais do director e responder ás súas demandas	Todas
8. Aprender a ser un elemento activo na iniciativa da orquestra como aparato orgánico	Todas
9. Acadar autonomía na procura da información precisa para a construción dunha visión da obra	Todas

rica e motivadora	
10. Aplicar todo o anterior no traballo e interpretación do repertorio escollido	Todas
11. Familiarizarse cun amplo repertorio sinfónico	Todas
12. Comprender a importancia dos elementos escénicos na interpretación orquestral	Todas
13. Valorar o compromiso coa estrea de música e a difusión de repertorio pouco coñecido	Todas
14. Colaborar na estrea dos traballos dos alumnos de composición do centro	Todas
15. Valorar a integración da interpretación orquestral no ambiente cultural da comunidade	Todas
16. Representar ao centro e participar da súa inserción no entorno social	Todas

4. CONTIDO E TEMPORALIZACIÓN		
TEMAS	DESCRITOR DE SUBTEMAS	SESIÓNS
1. Actitude	1.1. Valoración da organización e a economía de tempo. 1.2. Respecto ao traballo alleo. 1.3. Responsabilidade individual dentro do conxunto 1.4. Actitude paciente	Todas
2. Procedementos	2.1. Dinámica de ensaio 2.2. Ensaio parcial 2.3. Función dos xefes de sección 2.4. Resposta colectiva ao xesto 2.5. Iniciativa colectiva. 2.6. Control auditivo e visual 2.7. Construción colectiva da interpretación	Todas
3. O material musical	3.1. Pulsación, metro e ritmo. 3.2. Texturas e planos. Balance. 3.3. Dinámica xeral e dinámica relativa. 3.4. Tipos de ataque, acentuación e articulación. Empaque. 3.5. Afinación e as súas posibilidades. Técnicas de depuración. 3.6. Empaste e contraste tímbrico. 3.7. Respiración, dicitación e golpes de arco ao servizo da música 3.8. Ornamentación e vibrato. 3.9. Evolución da notación. Prácticas interpretativas. 3.10. Fraseo e construción estrutural: dinámica, agónica, articulación, afinación e timbre ao servizo dos procesos de tensión e discursivos. 3.11. Repertorio (cunha especial consideración aos compositores galegos e a nova creación)	Todas
4. Resposta ao xesto	4.1 Resposta ao xesto do director, activo e pasivo, directo e indirecto. 4.2. Comprensión das figuras e subdivisións. <i>Dispari</i> e anticipacións. Xestos percusivos directos. 4.3. Resposta ás proporcións, formas, perfiles e motus do xesto. <i>Interictus, iactum, retentum...</i> 4.4. Comprensión e resposta aos diversos tipos de <i>levare</i> . 4.5. Resposta á dirección tensional.	Todas
5. Consideracións escénicas	5.1. Adecuación da interpretación á acústica da sala. 5.2. Control do silencio 5.3. Relación son-movemento. 5.4. Protocolo.	Todas
TOTAL SESIÓNS:		16

5. METODOLOXÍA E PLANIFICACIÓN DOCENTE			
TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON PRESENCIAIS	TOTAL HORAS
Práctica individual		60	60
Probas individuais	1		1
Ensaio seccionais sen director		6	6
Ensaio seccionais con profesor	5		5
Ensaio tutti	32		32
Ensaio xerais	3		3
Concertos	4		4
Avaliación do proceso	1		1
Titorías		1	1
	TOTAL HORAS	48	67
			105

6. AVALIACIÓN			
FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
6.1. CONVOCATORIA ORDINARIA			
6.1.1 AVALIACIÓN ORDINARIA (CON AVALIACIÓN CONTINUA)			
Avaliación continua durante os ensaios e concertos	Memorización e asimilación dos contidos referidos nesta programación. Participación de forma activa en clase, valorando propostas para a solución dos problemas técnicos e musicais que se atopan.	Todas	40%
Probas individuais ou colectivas	Estudo dos fragmentos das partituras seleccionadas. Os ensaios xerais e os concertos terán a consideración de exames finais.	Todas	30%
Asistencia presencial	Observación sistemática individual do discente, a través do control asistencial. A asistencia a todas as actividades (ensaios e concertos) é obrigatoria. Só se poderá faltar a un 10% dos ensaios ordinarios aos que cada alumno sexa convocado. Os concertos e os ensaios xerais son de asistencia obrigada e inescusable, dada a súa consideración como exames finais, e non poden computar dentro dese 10%. Unha falta de puntualidade computarase como media falta de asistencia.	Todas	30%
Observacións: Tódolos apartados deberán estar aprobados de forma independente para facer a media. Os alumnos que non poidan estar durante toda a clase poderán ter que facer unha tarefa adicional previo consenso co profesor.			
6.1.2. AVALIACIÓN ORDINARIA (ADIANTO DE CONVOCATORIA-EXAME DECEMBRO)			
Traballo sobre un tema relacionado co instrumento na orquestra ou calquera tema relacionado coa materia, cun mínimo de 15 páxinas. Deberá consensuarse co profesor.	Asimilación dos contidos referidos nesta programación	Todas	20%
Proba de lectura a vista	Selección de fragmentos de partituras	X2, X3, E17, E19	10%
Exame teórico-práctico sobre os contidos	Estudo dos fragmentos das partituras seleccionadas. Tocar en ensamble de corda, vento ou percusión as obras traballadas no curso.	Todas	40%
Asistencia presencial	Observación sistemática individual do discente, a	Todas	30%

	través do control asistencial. A asistencia a todas as actividades (ensaios e concertos) é obrigatoria. Só se poderá faltar a un 10% dos ensaios ordinarios aos que cada alumno sexa convocado. Os concertos e os ensaios xerais son de asistencia obrigada e inescusable, dada a súa consideración como exames finais, e non poden computar dentro dese 10%. Unha falta de puntualidade computarase como media falta de asistencia.		
Observacións: Tódolos apartados deberán estar aprobados de forma independente para facer a media. O computo das faltas abrangue desde o comezo do curso ata a convocatoria do exame de decembro.			
6.1.3. AVALIACIÓN ALTERNATIVA (PERDA AVALIACIÓN CONTINUA CON 3 FALTAS SEN XUSTIFICAR OU MÁIS)			
Traballo sobre un tema relacionado co instrumento na orquestra ou calquera tema relacionado coa materia, cun mínimo de 15 páxinas. Deberá consensuarse co profesor.	Asimilación dos contidos referidos nesta programación	Todas	25%
Proba de lectura a vista	Selección de fragmentos de partituras	X2, X3, E17, E19	15%
Exame teórico-práctico sobre os contidos	Estudo dos fragmentos das partituras seleccionadas. Tocar en ensemble de corda, vento ou percusión as obras traballadas no curso.	Todas	60%
Observacións: Tódolos apartados deberán estar aprobados de forma independente para facer a media.			

6.2. CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA			
Traballo sobre un tema relacionado co instrumento na orquestra ou calquera tema relacionado coa materia, cun mínimo de 15 páxinas. Deberá consensuarse co profesor.	Asimilación dos contidos referidos nesta programación	Todas	25%
Proba de lectura a vista	Selección de fragmentos de partituras	X2, X3, E17, E19	15%
Exame teórico-práctico sobre os contidos	Estudo dos fragmentos das partituras seleccionadas. Tocar en ensemble de corda, vento ou percusión as obras traballadas no curso.	Todas	60%
Observacións: Tódolos apartados deberán estar aprobados de forma independente para facer a media.			

7. ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS*	
DESCRIPCIÓN	CRITERIOS E PAUTAS
-	-

* No presente curso non hai alumnado da disciplina con necesidades educativas especiais

ANEXO

Debido á crise sanitaria provocada pola COVID-19, ademais da docencia presencial reflectida anteriormente faise necesario contemplar a docencia semi presencial e non presencial. Estas modalidades aplicaríanse en función dos posibles escenarios sanitarios.

Na docencia semi presencial e non presencial, os apartados 1, 2, 3 e 4 son os mesmos que na docencia presencial.

5- PLANIFICACIÓN DOCENTE E METODOLOXÍA:

5.1- Docencia semipresencial: este tipo de docencia realizarase en dous casos: por un lado, cando o/a alumno/a ou ben o/a profesor/a teñan que pasar un período determinado recluídos no seu domicilio, sempre que as súas condicións de saúde llo permitan. E por outro, mentres as condicións polo tamaño da aula non permitan desenvolver con normalidade as clases (polas distancias de seguridade necesarias, etc) dividirase a clase en dous grupos, de tal forma que un recibirá a docencia presencialmente e o outro enviará as pasaxes seleccionadas polo profesor en vídeo, de forma que o traballo de clase continúe a ser semanal.

No primeiro suposto, as clases realizaranse mediante plataformas online tipo ZOOM, SKYPE ou WEBEX. No segundo suposto ou no caso de non dispoñer de unha calidade de conexión que permita a realización das clases mediante este tipo de plataformas ou similares, o/a alumno/a enviará por correo electrónico vídeos das obras que se traballen na modalidade presencial, e adaptándose aos medios de que dispoña o alumnado.

O /A alumno/a desenvolverá esta actividade durante a hora de clase correspondente á materia e enviaraos ao remate da clase.

5.2- Docencia non presencial: no caso de que se produza un confinamento total o alumno/a deberá enviar vídeos das obras traballadas no curso. As pasaxes ou fragmentos seleccionados serán seleccionados polo profesor. Ademais, en caso de que os medios de que dispoña o alumnado non permitan a realización destas gravacións, os alumnos deberán facer un traballo sobre un tema relacionado co instrumento na orquestra ou calquera tema relacionado coa materia, cun mínimo de 15 páxinas e que deberá consensuarse co profesor.

6- AVALIACIÓN (SEMIPRESENCIAL E NON PRESENCIAL)

- CONVOCATORIA ORDINARIA (CON AVALIACIÓN CONTINUA)

As ferramentas de avaliación, criterios de avaliación, competencias avaliadas e ponderacións serán os mesmos que na avaliación presencial. As ferramentas 1 e 2 desenvolveranse durante o período non presencial (sexa total ou parcial) segundo as actividades reflectidas no apartado anterior.

- CONVOCATORIA ORDINARIA (AVALIACIÓN ALTERNATIVA-PERDA DA AVALIACIÓN CONTINUA)

- CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA

- EXAME DE ADIANTO DE CONVOCATORIA

Se durante o período de exames o/a alumno/a está realizando un período de confinamento, a súa avaliación realizarase de forma telemática, mediante plataformas online tipo ZOOM, SKYPE ou WEBEX e no caso de que pola calidade da conexión non sexa posible, realizarase o envío de gravacións en tempo real, calculando o tempo de preparación dende que o profesor envía as partituras.

O exame consistirá na realización dunha lectura a vista cos contidos desta programación, que será enviada no momento do exame, ademais de interpretar os fragmentos das obras do curso seleccionados polo profesor e o envío dun traballo sobre un tema relacionado co instrumento ou calquera tema relacionado coa materia, cun mínimo de 10 páxinas previamente consensuado co profesor.

Aplicaranse as mesmas porcentaxes que no período presencial.

Os **criterios de avaliación** serán os mesmos que no período presencial